No 50 aniversario da celebración do
Día das Letras Galegas
dedicado a Castelao

# Dossier de Prensa.

REAL ACADEMIA GALEGA



Publica:
Real Academia Galega

© Real Academia Galega

Deseño da colección:
Grupo Revisión Deseño

Dossier de prensa da celebración do
**Día das Letras Galegas de 1964**
dedicado a **Castelao**

REAL ACADEMIA GALEGA

Novembro de 2014

# Cando o Día das Letras Galegas era só un día

É un feito ben coñecido que o primeiro ano que se celebrou o Día das Letras Galegas –unha conmemoración inventada por Francisco Fernández del Riego e a Real Academia Galega en 1963–, a figura escollida para centrar a festividade foi Rosalía de Castro. Non foi casualidade, visto que aquel ano se celebraba o centenario da publicación de *Cantares Gallegos*, e precisamente decidiuse marcar a data do 17 de maio porque é a que figura na dedicatoria desa obra. En 2013 celebramos pois, conxuntamente, o cincuentenario das Letras Galegas e o sexquicentenario do libro auroral do Rexurdimento literario do idioma galego.

Menos coñecido é que o segundo persoeiro elixido para protagonizar o Día das Letras Galegas, en 1964, foi Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Se a elección da inmortal poeta para inaugurar a festa das nosas letras é indiscutible, dificilmente se poderá negar a ideoneidade da figura máis simbólica da cultura galega do século XX (daquela pouco máis ca mediado) como digno continuador da serie. Pero a primeira –mesmo pola relativa distancia cronolóxica– era unha escritora que, previa unha relectura adaptadora, podía resultar menos incómoda para o réxime franquista (máis doadamente 'asumible' pola cultura dominante na ditadura), e por tanto a súa elección por parte da Real Academia Galega non levantaría excesivas suspicacias nos gardiáns da ortodoxia franquista. Pola contra, o segundo, un intelectual e artista cun perfil político indisimulable, integralmente identificado coa defensa da democracia republicana e da autonomía de Galicia e morto recentemente no exilio (só pasaran catorce anos do seu falecemento), resultaba unha elección moi incómoda para o poder e, por tanto, requiriu moita afouteza, mesmo un chisco de ousadía, por parte da Academia.

Dado que o pasado ano 2014 cumpríase non só o cincuentenario da dedicación do Día das Letras Galegas a Castelao, senón tamén o setenta aniversario da publicación en Buenos Aires de *Sempre en Galiza* e mais os oitenta anos do seu ingreso na Real Academia Galega, a nosa corporación decidiu

organizar un ciclo de conferencias (celebradas en Rianxo, Pontevedra e a nosa sede da Coruña) no mes de outubro e mais realizar unha serie de publicacións, como o dossier de prensa do acto de ingreso de 1934, a edición dixital dos seus manuscritos no arquivo da RAG (as conferencias *Arte e galeguismo* e *Humorismo, debuxo humorístico, caricatura*, e o relato "O retrato"), o libro do noso actual Presidente onde se inventarían os fondos castelaianos custodiados na nosa corporación (*Presenza de Castelao na Academia*, 2000) e mais dous discursos, ata agora inéditos, dedicados a el polos académicos Marino Dónega e Ánxel Fole e, finalmente, o dossier de prensa das Letras Galegas de 1964. Coa lectura deste interesantísimo documento histórico, os lectores de hoxe poderán enxergar a distancia que media entre a celebración de 1964 e as dos últimos anos, un reflexo tamén da evolución da cultura galega desde a 'longa noite de pedra' do franquismo ata os esperanzados tempos da democracia e autonomía.

Agardamos así seguir honrando a memoria dun dos galegos máis ilustres que tivo asento na Real Academia Galega, sen o cal non se pode entender a Galicia presente e, confiamos, a Galicia do futuro.

Henrique Monteagudo
Secretario

# Dossier

## **Airiños** (Buenos Aires, 1944-19??)

**N. 17 (xullo de 1964)**

Desde o ano 1944 a Asociación de Casas de Galicia da capital arxentina vén publicando esta revista que ten unha marcada orientación cultural.

# CASTELAO SEMPRE

por Francisco F. del Riego



Castelao, morto fisicamente lonxe de Galiza vive en esprito pra as angueiras galegas de todo porvir. A sua lembranza alucinanos. N-il, na sua obra, na sua figura, amécese o millor da ialma da Terra, ó máis d'unha aristocrática sensibilidade. ¿Onde está todo Castelao? ¿Nos seus inmorredoiros dibuxos, no cerne do seu humorismo, no doce latexar que o seu corazón de patriota susurraba no ouvido de Galizia? Castelao está —estará decote— no exempro do seu vivir enteiro; na parénesis d'unha obra arrincada ó acento d'ise mesmo vivir.

Castelao entróu na vida de Galizia, sentindo as suas mágoas, as suas angurias; soñando, tamén, nos seus futuros; albiscando mañás que haberán de chegar, agora que il nos deixou. A caricatura foi pra Castelao, a escada de cristal pol-a que concurriu ó máis fondo da ialma galega popular. A cvabalo do humor, lanzouse de cara a todal-as aventuras do esprito, pra rexurdir sempre vincidor.

A Galiza de Castelao, é unha Galiza xenuina, auténtica, sinceiramente viva; unha Galiza que sinte unha xusta xenreira contra de todo o que é falso e antihumán. Os tristes, os abortados, es que naceron con mal pé non teñen dereito a entrar no paradiso. O aceno humoristico, o trazo caricatural, erguen á superficie ós risibres personaxes que enchen o taboado dos dibuxos do artista. Máis chega un intre no que todal-as realidás se esborralan. A risa era só un pretexto, unha carantoña coa que Castelao enmascara o seu naris pra esconder as suas bágoas.

Malia as sutilezas, coas que gostaba de se adobiar, o galeguismo de Castelao era mui primario; era a sua fé, unha fe de neno; a ua dór, a dór das xentes sinxelas. Un home do povo non sentiría d' outro xeito. Nas suas máis puras ideas, nos seus pulos máis afervoados, Castelao será pra sempre, seguirá sendo mui povo, homildoso povo.

Nos seus anos derradeiros, envolveito na brétema saudosa da lonxania, o grande home chegóu a sere un verdadeiro alapear de anguria. Si, ese é Castelao; ese é o Castelao que non morréu, nin finará endexamáis. A sua figura, emporiso, adequire carauteres miticos, de fondo e irrenunciabre exemprario pratodosos que hoxe son, e os que virán despois.

Isa ollada, cáseque cega nos postreiros días, do xenial dibuxante, non se afastará xa de nós. Sentimola que nos circuie, como unha croa, como un nimbo, cando xa nos temos desviado —pol-a fatalidade— da sua presencia fisica. ¿E cándo é o intre no que imaxinamos a Castelao máis Castelao? ¿Cál aquél que corresponde máis a sua figura? Ollámos ó home, sentado na pedra d'unha corredoira, frente d'un cruceiro; está un pouco causo de percorrer todol-os vieiros da nosa paisaxe, en procura de temas inesgotabres pra o seu arte. Ollámolo peleriñando pol-os camiños do mundo, carregado coa saudade da ausencia, esparexendo a emoción d'unha fe que endexamáis se ten murchado. Ollámolo afundindose nas roitas do arte, pra facer carne de verdade a esencia latexante da espritualidade galega. Albiscámolo, en fin, soñando porvires, predecindo mañás de libertade pra a Galiza que tanto amóu.

Esta Galiza será un enfeitado de xusticia, de progreso e de paz. Concordes co ise esprito, os homes do país rexeitarán todo artificio alleo á sua personalidade singular; traballarán n-unha discipriña de amor ós propois valores, e ós valores auténticos da cultura universal. Traspirará na ialma galega un afán de criación nova, de vitalisimo rexurdimiento, de ampro e gozoso romanxe pol-as estradas da libertade.

Desde a sua outura, Castelao estános fitando. Aduviña os nosos pensamentos, e agarda que falemos. ¿Qué lle imos a decir a Castelao? ¿Diremoslle que a nosa fe e a nosa espranza como galegos, é a sua espranza e a sua fe? ¿Dirémoslle que os nosos traballos, os nosos afás ficarán en servicio permañente ó ideal pol-o que il morreu?

Escoitemos, de todol-os xeitos, a sua senlleira voz. Somella que nos quere decir:

"Non teimo reprocharvos nada; non serán as miñas queixas cramorosas. Nada do que desconecichedes ou combatéchedes do meu labor, ten agora siñificación. Todo iso xa pasóu; eiquí estóu hoxe na vosa presencia. E quero que voltedes a min; pero que voltedes de todo corazón, como se volta á amistade d'un amigo a quen se tiña esquecido. Xa olla des que na mirada teño unha melanconia: melanconía non orixinada pol-as miñas angurias, sinón pol-a visión dos extravios nos que se perde o noso país."

Galiza, pois, ten un mito humán, unha bandeira simbolo que seguir. O nome de Castelao acada hoxe unha outa trascendencia para toda historia futura. Castelao, agora e sempre, como vencello de unión para todol-os galegos...

# LETRAS GALLEGAS

Se ha celebrado el Día de las Letras Gallegas, y con tal motivo fue adjudicado el Primer Concurso de Arte Gallego, denominda "Premio Castelao".

Obtuvo el primer premio, dotado de 10.000 pesetas, el locutor de Radio Galicia, Angel de la Peña, por su obra titulada, "Cando morren os faroles" El segundo premio le correspondió a la poetisa ferrolana, Juana Torres.

ricano. Actualmente hay en España 14.000 estudiantes hispano-americanos.

### CLAUSURA DEL "DIA DAS LETRAS GALEGAS"

**Pronunció una Conferencia el académico CARBALLO CALERO**

En la tarde del 19 de mayo ppdo. se ha puesto fin al programa conmemorativo de la fiesta de las

Dn. Ricardo Carballo Calero, tras agradecer las palabras de elogio que le había dedicado el Profesor señor Filgueira Valverde y recordar con emoción su primer intervención en Pontevedra, precisamente en un trabajo sobre el padre Feijoo, entró en el desarrollo del tema de su disertación, un magnífico y documentado trabajo sobre la obra del ilustre benedictino, que ha sido seguido con gran atención por todos los asistentes, que al final le dedicaron una prolongada y clamorosa ovación.

81

## Casa Galicia de Unidad Gallega (New York)

**Memoria do ano 1964**

As memorias anuais desta sociedade achégannos unha valiosa información acerca das súas actividades e actos culturais, entre os que destaca a celebración do Día das Letras Galegas.

# Castelao

## Lembranza no Dia de Galicia

*por* D. García-Sabell

Houbo un tempo en que un home que era como unha liña dobrada andaba a pelegriñar po-los recantos da nosa terra. Era cousa de atopalo, de súpeto, nas rúas de Santiago, ou na paisaxe severa e xenerosa de Chantada, ou na gracia madura de Pontevedra, ou nas esquinas escadrilladas de Rianxo, o mar po-la banda de frente e un curuto de centeos na banda do lombo.

¿Lémbraste, Castelao? Eras tí, tí mesmo, irmán Daniel. Non precisas facer memoria pois que xa mergullas no Alén e ahí o tempo —onte e antonte, mañá e o que ha de vir— e todo ún.

Aparecías. Falabas. Era a tua conversa un rezar de cousas ledas, de cousas duras, de traballos rexos, de folganzas estreitas. Calabas. E cando te metías no silenzo, entón eran a falar os teus ollos, a craridade lumiosa e aberta dos teus ollos de cego que ve. Recorda que tí sempre fuches, irmán Daniel, un cego sensibre que vai po-la vida ca anguria de esnaquizar as cousas todas. Tí, tan venerador, apalpando con moito modo a pedra dos muros e a ialma dos homes, a fror petrucia do toxo, a fada noxenta dos coitados e, ¡ou, miragre!, as escumas nídias da mar nos areaes. Por iso, máis que estar, tí aparecías e, cando nos decatábamos, xa eras ido. Falabas e calabas e tiñas o maino pé delicado dos ceguiños que van a rentes das chouzas, de casal en casal, ca sua inmensa e arrepiante presenza, co seu urro profundo e xusticieiro.

Eisí, dise xeito, andiveche á esmola en toda a Patria. Foron moitos anos de probe de pedir. Moitos anos de mal pasar. Moitos anos de facer que risen ou chorasen os demáis pra arrincarlles unha pequerrecha códea de galeguidade. Moitos anos amostrando a mán fina e nobre, feita pra máis outas obrigas. Moitos anos de escuridade deserta e seca como unha gándara desamparada. E tí, no meio. Tí, lús tremecente na noite moura, tí, Castelao, probe das portas da Galiza, chuchado po-la miseria ahistórica do Povo, arelante da Terra, maniáteco do Sentimento, arrebuñador da Cultura, doente da Raza e profético da forza caseque nova do Destino.

E agora, agora que estás sepulto, é festa na Galiza. ¿Ouves, irmán? ¿Ouves o canto atafegante da vella terra, cansa e renovada? De certo que sí, e de certo que hastra os teus osos han de chegar solermiños e ledos sóns dunha boa, repinicada riveirana. Pro cecáis non adiviñes que a grande Romería coleitiva garda un segredo vivo e latexante como un corazón. Nós, as xentes de esprito da Terra, temos de decircho, xa que todas as sabencias nos ensinaron que os feitos pasan, as persoas mudan e o camiño esquécese. Neste intre de gaitas, foliadas, xantares e foguetes, no trunfo das mozas loiras e as sentenzas prudentes dos patróns, andas tí que xa non apareces pra fuxir, senon que estás pra durar. Estás i estarás, cifra, eixe e pazo das entranas dos galegos. O segredo da Romería da Galiza eres tí.

I estás porque os fillos da Galiza viva son deudores teus. Estás porque os facedores de riqueza inteleitual do país lémbranse daquela liña dobrada e soave que, noutro tempo, andivo a pelegriñar po-la patria adiante. Estás porque eles hoxe non son probes de pedir, mais tí o fuches denantes por todos. Estás por amor ás tuas máns sofridas e á tua vida entregada. Estás porque tí eres como unha enruga nova lado con lado das antigas enrugas sagradas da Nai, poderosa na sua fraqueza. Estás porque xa non son tempos de fame, senon de fartura e a-colleita ven da tua semente. Estás porque os galegos de alá non paran de ollar como tolos alucinados pra iste teu repouso na Chacarita. Estás porque eiquí fan o velorio teu outros galegos de peito aberto que teñen brazos fortes e compridos prao traballo e alento abondo prao pranto con dinidade. Estás porque está Pondal i está Rosalía. Estás porque o pide o Esprito, porque o pide a Raza e porque o berra a Historia.

Xa ves. Non todo pasa. As sabencias da Cultura ás veces apodrecen do erro morto das escolas e os xuicios. ¿Qué nos importan, si a tua man de pedir era mán que sinalaba? ¿Quén pode crebar o brillo da sangue, nin tan siquera escondelo? Como nos piñeiraes que se asoman, tímidos e inxénuos, ás costas do noso Fisterre, eisí está esa rapazada de vellos e novos, de homes e mulleres, que se apertan en xuntanza de inmandade a fitar prao teu vieiro alertado de seguiño xenial.

Agora a rapazada celta está de folganza. ¿Ouves, irmán Daniel? Compre que todos calemos. Fai falla un grande, armonioso e purísimo silenzo. ¿Ouves, irmán Daniel? Xa ves, ninguén te esquece. Por riba dos montes e dominando o barullo da Romería anda un urro calado: "¡Castelto! ¡Castelao!".

Fagamos o silenzo ainda máis solemne. ¿Ouves, irmán Daniel? ¿Ouves a festa da Galiza, como un rumor de seitura? ¿E non é verdade, irmán, non é verdade que ahí, no Alén, o tempo — onte e antonte, mañá e o que ha de vir — é todo ún?




*El comité organizador del acto*

# Velada en Honor de Castelao

La Casa de Galicia neoyorquina y Casteao tuvieron siempre una relación muy estrecha y entrañable; por algo Castelao fue el primer socio honorario de la entidad neoyorquina. En virtud de esa relación, la Casa Galicia procura celebrar anualmente con la máxima solemnidad el aniversario del fallecimiento de aquel gran gallego, dedicándole una velada conmemorativa, en la que también tienen cabida los homenajes a los socios de Casa Galicia fallecidos durante el año anterior. El día 17 de enero tuvo lugar esa tradicional velada conmemorativa en el gran salón de actos de aquella entidad. La concurrencia fue muy numerosa, demostrándose una vez más la profunda e imborrable huella que Castelao ha dejado en el corazón de todos los gallegos.

La mesa presidencial estaba constituída por el Presidente de la Sociedad Sr. Ramón Rodríguez; el Presidente de la Comisión de Cultura, Sr. Emilio Flores, y los oradores invitados a tomar parte en el acto: El Profesor Emilio González López, Jefe del Departamento de Lenguas Románicas de Hunter College; el Profesor Enrique Santamarina, Jefe del Departamento de Patología de Rutgers University; el Profesor Leonardo Santamarina, Jefe del Departamento de Lenguas Románicas de Douglas College, y don Ramón Lugrís, escritor y funcionario de las Naciones Unidas.

Después de haberse observado un minuto de silencio en memoria de Castelao y de los socios de Casa Galicia fallecidos en 1963, el Sr. Florez tomó la palabra para indicar la significación del acto y rendir tributo a quellos socios fallecidos: D. Manuel Méndez, D. Américo Rodríguez, D. Manuel Rodríguez, D. Manuel García Gómez y D. Severino Pérez Morán.

Seguidamente, el Sr. Florez presentó al primer orador, D. Ramón Lugrís, quien dedicó su disertación a glosar y comentar las ideas de Castelao sobre las relaciones de Galicia con Portugal en el marco de un concierto de los pueblos ibéricos. A continuación, hizo uso de la palabra el Profesor Enrique Santamarina, trazando una emocionada semblanza de la figura de Castelao y valorando su imperecedera contribución al espíritu y a la cultura de Galicia. Le siguió el Profesor González López, quien, con certeros trazos, demostró que Castelao debe servir de ejemplo para todos los gallegos si es que deseamos que nuestro pueblo viva una vida auténtica.

Para cerrar la primera parte del acto, el Presidente de Casa Galicia, Sr. Ramón Rodríguez pronunció unas palabras agradeciendo la colaboración de los oradores y sumándose al homenaje que se rendía al gran artista y escritor gallego.

La segunda parte de la velada se dedicó a una exhibición de fotografías de los paisajes gallegos en que transcurrió la vida de Castelao, a cargo del Profesor Leonardo Santamarina, autor de las fotografías. Las bellísimas vistas, junto con las atinadas explicaciones del Profesor constituyeron un perfecto final para una velada muy grata y de gran emoción. El público premió con prolongados aplausos a todos los oradores.

Al finalizar el acto los numerosos asistentes fueron obsequiados con un chocolate por la Comisión de Damas de Casa Galicia.

# DIA DAS LETRAS GALEGAS

Se celebró brillantemente el "Día das Letras Galegas" en la Casa Galicia de Nueva York, con una conferencia del escritor y funcionario de las Naciones Unidas D. Ramón Lugrís, la proyección de una película sobre la vida social de Casa Galicia y una exhibición de diapositivas en las que se recogían las actuaciones del Ballet Gallego de la Coruña en Nueva York.

El Sr. Lugrís dedicó su conferencia a analizar y comentar la evolución de la cultura gallega desde los años de la postguerra española hasta la actualidad. Comenzó trazando un cuadro del lamentable estado en que se encontraba entonces la vida cultural de Galicia, y de las dificultades con que tropezaba.

El problema que se planteaba entonces a los intelectuales gallegos era el de buscar sentido a la vida cultural del país en el mundo actual. No faltó gente —dice el conferenciante— dispuesta a permitir la pérdida definitiva de todo un mundo, ya que una cultura es eso: un mundo; es decir, una interpretación del mundo. Pero fue entonces cuando comenzó a sentirse la voz de las nuevas promociones de escritores.

La primera gran manifestación en equipo fue el "Suplemento del Sábado", de "La Noche". El Sr. Lugrís aprovecha la ocasión para referirse a la obra de ayuda a la cultura gallega emprendida por el Sr. Goñi, entonces Director de "La Noche", y de cuyo fallecimiento acababa de enterarse horas antes. Cita párrafos del editorial del primer número, en el que se proponía la formación de un equipo de gallegos conscientes, y dice que el resultado fue asombroso, ya que se manifestó la presencia de un nutrido grupo de escritores entre los que había nombres nuevos, como Landeira y Collazo.

Desaparecido el "Suplemento" por causas ajenas a la voluntad de sus inspiradores, hubo un momento de desorientación, felizmente compensado por la entusiasta y eficaz labor de un hombre, Francisco Fernández del Riego, desde su "Atalaya de Galicia", firmada con el seudónimo de "Salvador Lorenzana", cuyo valor todavía no se ha captado debidamente. El Sr. Lugrís analiza los aspectos de la cultura gallega tratados por Salvador Lorenzana, y dice que éste cumplió perfectamente su cometido de orientador y animador de la vida cultural del país entre dos momentos: la desaparición del "Suplemento" y la creación de Galaxia.

Habla el Sr. Lugrís de la gran editorial viguesa, fijándose principalmente en la primera época de "Grial", que duró solamente un año. Destaca su trascendental labor de equipo, casi desconocida hasta entonces en Galicia, y dice el conferenciante que para resumir esa labor va a tratar de comentar los puntos más destacados de la obra de tres figuras claves de "Grial": Ramón Piñeiro, Domingo García Sabell y Celestino Fernández de la Vega.

Traza una breve semblanza de los tres escritores, señalando que se propusieron, por una parte, conocer el trasfondo de su propio ser gallego y encontrar sentido al hecho de la cultura gallega en el mundo actual; y, por otra, interpretar los datos fundamentales de la actual situación mundial y particularmente europea, en función de su condición de intelectuales gallegos.

¿Qué puede ofrecer Galicia a Europa, según esos escritores? En ese aspecto, el Sr. Lugrís recoge principalmente las opiniones de Ramón Piñeiro, expresadas en una carta abierta a Alvaro Cunqueiro, y en la que se decía: "¿Non che parez que o noso deber de europeos debe ser amostrarlle a Europa o camiño da libertade espritoal; o camiño do arte como ideal humán; o camiño do humor como *sabiduría* suprema?".

Concluye su conferencia el Sr. Lugrís diciendo que ha pasado por alto otras contribuciones a la cultura gallega de estos años porque era imposible recogerlas todas en el espacio de su charla. Y dice que ésta estuvo inspirada por su convicción de que, como hace pocos días dijo el Profesor Santamarina en Casa Galicia, la salvación de la personalidad de Galicia se logrará por el camino de la cultura, ya que no hay revolución más profunda que la revolución cultural. Y eso es lo que se está llevando a cabo en Galicia: una revolución cultural cuyos primeros frutos se han cosechado ya, pero que todavía promete otros más sustanciosos. Los frutos del reconocimiento del derecho de Galicia a expresar su personalidad sin cortapisas, en todos los órdenes de la vida.

La conferencia del Sr. Lugrís fue premiada con una prolongada salva de aplausos, y el conferenciante recibió muchas felicitaciones. A continuación, el Presidente de Casa Galicia, Sr. Rodríguez, dio las gracias al Sr. Lugrís, y luego dio comienzo la segunda parte del acto: la proyección de una película sobre las actividades de Casa Galicia, filmada por el joven directivo Sr. Manuel Galán.

A continuación, el Profesor Enrique Santamarina ofreció un programa de diapositivas en las que se recogen las actividades del Ballet Gallego de La Coruña en Nueva York; fotografías muy artísticas y bien conjuntadas, que, además, fueron amenizadas por jugosos comentarios del Director del Ballet Gallego, Sr. Rey de Viana, el cual explicó particularidades del vestuario y la coreografía de las danzas recogidas en las fotos. El Sr. Santamarina cerró el acto con unas palabras en las que explicó que con aquella velada se cerraba el ciclo de actividades de la Comisión de Cultura de Casa Galicia durante este curso.

Por último, todos los asistentes fueron obsequiados con un chocolate con churros, ofrecido por la Sección de Damas de la Sociedad.



*Vista del acto en la que se destaca la mesa presidencial compuesta por los señores Emilio Florez; Ramón Lugris; Ramón Rodríguez y Emilio González López.*


*Felicitaciones a la*
*Directiva de la*
*Casa Galicia*
*y a Todos los Socios*

*Paul "Bibby" Pose*

## Faro de Vigo (Vigo)

**19 de maio de 1964**

Os inicios desta histórica cabeceira datan do ano 1853, aínda que só comezou a publicarse diariamente a partir de 1879. Isto converte o Faro de Vigo no máis antigo dos xornais galegos en activo, o que xustifica a importancia que ten como fonte de información para coñecer a historia do noso país.

# COUSAS

**Por CASTELAO**

**Este año A Festa das Letras Galegas, por sugerencia de la Real Academia Gallega, se dedica especialmente a la obra de Castelao. Sus libros de "Cousas", su novela "Os dous de sempre", sus cuentos, sus trabajos sobre las cruces de piedra en Galicia y en Bretaña, le conceden un puesto de primera fila en las letras gallegas. Sabia muy profundos secretos de su pueblo, y los dijo con tono impar, ironía y asombro humano a la vez. Casi siempre sus textos iban iluminados por esos dibujos tan inconfundiblemente suyos, en los que una veracidad emocionante sorprendía siempre. Los dos pequeños relatos ilustrados que publicamos, corresponden a su libro "Cousas".**

## A SIÑA SINFOROSA



Todos cantos sabían algo da historia da vila en que eu nacín, xa repousan debaixo dos terróns.

A siña Sinforosa era unha velliña que tódolos días pasaba o mar, porque era mandadeira de oficio, como xa fora sua nai e sua aboa e cicais tódalas suas devanceiras, dende que os da banda de acá tiveron comercio cos da banda de alá. Era honrada ou parecía selo, pois vivía do seu creto de muller de ben. Engaioleira e faladora con todos, tiña sempre, para a xente fidalga, un caravel na sua boca chuchada. A siña Sinforosa sabía tódalas traxedias do mar naquela travesía.

Nos días de tempo ruín, cando funga o vento nas cordas e os salseiros barre na cuberta do barco, a siña Sinforosa metíase en si e rezaba póla sua ialma. Nos días mainos a siña Sinforosa rezaba pólos afogados. O barco ía andando cara a banda de alá e a mandadeira ía rezando sempre.

—Un padrenuestriño pólo Xan de Codeso, que morreu afogado un día da Candelaria.

—Unha salve por doña Rosa Fajardo, que se botou a afogar na ponta da Falcoeira.

—Un padrenuestriño, unha salve e unha avemaría pólas catro fillas do Belurico, que morreron de volta do mercado.

—Unha salve por Ramón Collazo, que o levou un cóngaro e nunca mais apareceu.

Así seguía rezando, rezando sempre, por todos cantos morreron naquel camiño do mar. A vella mandadeira gardaba na memoria os nomes dos afogados e as datas das traxedias.

Un día reparei que a siña Sinforosa rezóu por un rapaciño que morreu en Tronco, e perguntéille:

—¿Quén foi o rapaciño que morreu en Tronco, siña Sinforosa?

I ela respondeume:

—Nono sei, meu amantiño; ise afogado non é do meu tempo, pois xa rezaba por il a difunta de miña aboa, que no Ceo estea.

A siña Sinforosa morreu xa, e de tantas traxedias non quedan máis que tres ou catro cruces de madeira chantadas nas pedras da veiramar. A vella mandadeira levóu ó Alen a historia de tódolos afogados da vila en que eu nacín.

Unha vez que atravesei o mar sentín dentro do meu peito o valeiro de tanto esquecimento i en nome de tódolos afogados preguei:

—Un padrenuestriño pola siña Sinforosa.

## A MARQUESIÑA



Chámanlle a "Marquesiña" e os seus peíños endexamáis se calzaron.

Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle a Marquesiña.

Non foi á escola por non ter chambra que pór, e chámanlle a Marquesiña.

Non probóu máis lambetadas que unha pedra de zucre, e chámanlle a Marquesiña.

A sua nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do Marqués.

¡E aínda lle chaman a Marquesiña!

# CLAUSURA DEL "DIA DAS LETRAS GALEGAS"

## Pronunció una conferencia el académico Carballo Calero

Ayer tarde se ha puesto fin al programa conmemorativo de la fiesta de las Letras Gallegas promovida por la Real Academia Gallega.

El programa se había desarrollado en la noche del sábado con la inauguración de una magnífica exposición bibliográfica del Padre Feijóo en conmemoración del segundo centenario de su fallecimiento, y prosiguió el domingo con una visita dirigida a la obra de Castelao en el Museo.

A las ocho de la tarde de ayer, en la planta baja del Museo y ante la mencionada exposición bibliográfica se celebró la conferencia de clausura de la conmemoración a cargo del académico don Ricardo Carballo Calero.

Numeroso público, entre el que figuraba la casi totalidad de los intelectuales pontevedreses, llenaba materialmente la amplia sala. El profesor Filgueira Valverde abrió el acto con unas palabras muy elocuentes en las que destacó la hermosa pieza literaria que el ilustre pontevedrés don Isidro Millán González-Pardo, para conmemorar la fiesta de las Letras Gallegas y presentó seguidamente al académico señor Carballo Calero del que hizo encendidos elogios, destacando su obra en brillantes términos. El señor Filgueira Valverde finalizó su elocuente intervención evocando la obra de Castelao y del Padre Feijóo, siendo muy aplaudido.

El académico don Ricardo Carballo Calero tras agradecer las palabras de elogio que le había dedicado el profesor Filgueira Valverde y recordar con emoción su primera intervención en Pontevedra, precisamente en un trabajo sobre el Padre Feijóo, entró en el desarrollo del tema de su disertación, un magnífico y documentado trabajo sobre la obra del ilustre benedictino que ha sido seguido con gran atención por todos los asistentes, que al final le dedicaron una prolongada ovación.

## **Galicia** (Buenos Aires)

**N. 535 (xaneiro-febreiro de 1964)**

Esta revista xa centenaria é a publicación oficial do Centro Galego de Buenos Aires. Como o seu título indica, a presenza de Galicia é constante nas súas páxinas, e nelas teñen colaborado as figuras máis sobranceiras da nosa cultura.



Del homenaje a la memoria de Castelao en nuestro *Panteón Social*

# HOMENAJE A LA MEMORIA DE CASTELAO

## EN EL 13° ANIVERSARIO DE SU MUERTE

El 12 de enero la colectividad gallega de Buenos Aires rememoró una vez más la gran figura de Castelao, cuyo recuerdo sigue indemne a través de los años, Nuestro Panteón Social, donde reposan sus restos, fue nuevamente lugar de emocionado peregrinaje en el cual los principales centros testimoniaron, con flores y palabras, la devoción que sigue inspirando la figura del egregio artista y conductor.

En nombre de la H. Junta Directiva, y formando parte de la delegación que acudió a depositar una corona en nombre del Centro Gallego, don Abelardo Estévez, secretario de Cultura, pronunció un bello discurso en lengua vernácula, al que pertenecen los siguientes párrafos:

"Nunha vegada mais, achegámonos a este sagro curruncho, preto do noso inesquecido DANIEL pra lle adicar un sinxelo testimuño de lembranza e de homenaxe, mais sentido, e mais afervoado, en cada xornada que pasa no tempo".

"Evadíndose das limitaciós e dos escrusivismos de puro arnaxe ideolóxico, político ou filosófico, nos que con lóxica e dinidade, encaixaba doadamente a súa persoalidade, a nobre figura súa, emergúllase, cada día con mais nidia pureza, do arroutado mar dos anceios, esforzos, traballo, loita, incomprensión e inxusticia, nos que houbo de ser cumprida, e por tempos debateuse, a súa eisistencia terrea".

"Fora CASTELAO, todol-os sabemos!, o afervoado adail dunha causa tan fonda e nobre, como a entrana mesma do ser galego, na axeitada mistura conceitual galega, de terra e pobo, de home e paisaxe, de sangue e natureza, de espiritualidade e materialidade, de corpo e ialma, en suma, inteiramente Galiza".

"Deixou no mundo das artes e das letras, os froitos subrimes da súa polifacética vitalidade animina e inteleitual, nunha laboura xenial, na que fixo, ca verba, o lapis, a pruma e o pincel, unha simbiosis prodixiosa de humanidade e patriotismo ,para eispresar, cecais coma ninguén, as infindas inquedanzas e doores do eisistir galego, dos pretéritos e os derradeiros tempos".

"Mais, no reigaño do seu pensamento de emigrado, e na súa maravillosa sensibilidade de galego, prevalesceu un anceio fondamente costrutivo, que debera suscitar nas nosas xentes, un axeitado eco, porque sería o homenaxe mais axustado que poidéraselle render".

"Pra élo, a nosa coletividade deberia ser capás de traballar sin acougo, pol-o seu propio fortecimento nunha sagra xuntanza, pol-o ben da terra e o seu propio prestixio. O millor viero pra esa aititude, e seguir o exempro de CASTELAO, proieutándonos nunha laboura cultural, nutrida de enxebreza, ricáz de xenuinidade galega".

"Amamos a Galiza, e amamos a CASTELAO; seipamos amar, e facer honra da súa lembranza, erguíndonos por enriba das nosas cativezas, nun entendimento feito de amor e de comprensión, no que teñan cabemento a diversidade das ideas e as varias opiniós, desbotando de nós o pesado lastro dos prexuicios, que sempre serán o úneco abondoso no minifundio espritoal".



El Secretario de la Comisión de Cultura don Abelardo Estevez haciendo uso de la palabra

"Tócanos precisamente nestas houras, contemprar o emocioante exempro das mais outas dinidades, no mundo das ideas políticas e dos sentimentos relixiosos; cansos de sofrir os homes pol-a intolerancia, e ben adeprendida a leición das reiteradas frustracións nas qeu sempre finan os cegos entreveiros da paixón e as loitas fratricidas, xeralmente, e arteiramente arrequentadas, pol-os que medran ca nosa escravitude. Si esas mentes escrarecidas, amóstrances, unha tan espranzada aititude, esquecendo séculos enteiros, nos que por fanatismo ou incomprensión correron ríos de sangue, sexamos nós verdadeiramente, bós e xenerosos, e nun xenuino esforzo espritoal, adicar as inxentes enerxías da nosa coleitividade, a dispoñernos a percorrer, todos xuntos, os vieiros dunha proveitosa laboura, na que medre e conceito alleo sobor de nós e da nosa cultura, esa galega cultura que énchenos de lexítima orgulleza, no embruxo da nosa fala, na fondura do noso caraiter e a nosa historia, na belida multiplicidade eispresiva das nosas artes, na enxebreza das galegas tradicións, no feitizo das diversas formas do noso folklore, tanto coma nas maravillas xeográficas e fisonómicas da terra nosa, fondamento e punto de partencia da nosa galega saudade".

"Xunguidos nese outo mester, habemos de ser capaces de facer un traballo coherente e orgánico, eisaltado e fecundo, encostado e secundando os nosos homes de pensamento e os nosos artistas, espallando os catro ventos o tesouro creador dos nosos homes de cencia, escritores e poetas, músicos e pintores, escultores e tallistas, a riqueza impar do noso folklore, e o ensono da nosa música. Todo elo fora ardente anceio do esgrevio galego que oxe vimos a honrar, arela que tamén sinten os homes que dentro ou fora da terra, esperan somentes as posibilidades e recursos axeitados, que temos na man proporcioarlles, pra esa belida e portentosa laboura que debemos e podemos realizar".

"De tal xeito, faremos no orden cultural, outra xigantesca catredal, coma no senso da humán solidaridade, fixemos o Centro Galego de Bos Aires, e probaríamos a CASTELAO, que mira pra nós dende o Ceo, que non fora estéril a súa sementeira no curazón de cada galego, pra que sempre tivera concencia do seu deber. Nós somos seguros de que éste e, certamente, o senso en que doadamente veñen traballando as mentes desinteresadas e limpas da nosa coleitividade, que atópase, gracias a Deus, nunha verdadeira madureza pra conquerir os seus mais outos ideaes".

"Ista hora, é certo, é a de CASTELAO; por elo atopámonos eiquí. Mais tiñamos en conta que a hora de CASTELAO fora sempre a de Galiza, que pra nós son todal-as horas de cada xornada no seo do noso curazón".

"Co iste fondo sentimento e o belido mansaxe destas frases, teno-a honra de deixar feita, nunha renovada eispresión, a lembranza do inmorrente Guieiro, na outa representación do señor Presidente, Xunta Direitiva e Comisión de Cultura do CENTRO GALEGO, que mais que obriga, nunha data coma a de oxe, sinten a necesidade de achegarse a veira onde repousa, aquel que na vida e na morte, pódese sinalar, coma símbolo eterno das mais puras grorias, da nosa abenzoada terra nai.".

## **Galicia** (Buenos Aires)

**N. 538 (xullo-agosto de 1964)**

# GALICIA

# CADA SESENTA DIAS

*Por:* **Salvador Lorenzana**

### RONSEL

#### Gaziel y nuestro país

En San Feliú de Guixols ha fallecido Gaziel, el fino escritor catalán. Fue Gaziel uno de los pocos viajeros contemporáneos que acertaron a penetrar en el alma del mundo gallego. Vino un día a Galicia, peregrino inteligente, con los grifos de los sentidos abiertos; se puso en contacto con el paisaje y con las gentes y pudo, así, ir desatando el espiritual legajo de una tradición nobilísima donde se conserva nuestra peculiaridad. De ello ofrece expresiva muestra en las páginas del último volumen de su Trilogía Ibérica, "La península inacabada".

Ya acierta cuando, al entrar en materia, paraleliza entre el marinero y el campesino, y dice de éste: "El labriego gallego es el hombre más antiguo de la tierra, enraizado directamente en los tiempos históricos y aún en los legendarios. Es un hombre inmemorial, estático, duro como una piedra...".

Llega, de primeras, el escritor, en su ruta de andar y ver, al escenario compostelano. Y de Santiago —sujeto de tan manidas evocaciones— traza una aguda visión. Todo tiene cabida en ella: el perfil brumoso de la ciudad, la silueta augusta de sus torres, el animado cuadro de sus plazas; y no sólo lo monumental, tan asandereado, sino lo más típico y recogido. Intenta el hallazgo del espíritu santiagués en el, al parecer insignificante, de las personas que van y vienen, azorinianamente, por las calles de los viejos oficios o por los paseos abiertos a entrañables perspectivas históricas.

Vibran en la sensibilidad de Gaziel el aire de la ciudad, la pujanza de sus torres, el enlosado silente de sus rúas. Y es que Compostela entera —casas, calles, plazas catedralicias, anchas, inalienables— se le descubre en su significado más oculto. Hablando de la Quintana dice el escritor, "que su conjunto monumental tienen una dignidad que impone, sin un solo detalle de vulgaridad".

Pero no es únicamente en Santiago donde Gaziel buscó el soterrado latido del espíritu gallego. En la ciudad el portento acecha detrás de cada esquina, y la personalidad —huyendo del anonimato— halla un inefable, suavísimo remanso. Sin embargo, las múltiples caras del país asoman en los panoramas campesinos. Gaziel convive en un pazo aldeano con un culto amigo. Descubre el paisaje desde un plano estético, pero desde un ángulo humano también. Se duele de la miseria, originada en gran parte por una economía microfundiaria. Un minifundio que es como mosaico de piezas menudas, tan enredado como el de las capas y mantas de los pordioseros.

Las arquitecturas de los pazos le sugieren meditaciones sobre la singularidad de un arte nuestro. "Sin el románico del XII y el XIII, y el barroco del XVII y el XVIII, Galicia se desvanecería como un sueño: La consistencia que tiene se la proporcionan aquellos estilos memorables". Es en el último de estos estilos, en el que Gaziel encuentra el acento más peculiar de lo gallego. "Ni habiéndolo inventado —dice— habríamos podido darle más finura, altura y sustancia". "Galicia es, toda ella, una maravilla barroca". Lo es también el espíritu, porque sus mejores estilistas idiomáticos son barrocos hasta el meollo de los huesos. Y el paisaje, tan ondulado y verde. Y hasta la gente misma...

Se sorprende el escritor catalán, de la vitalidad de la lengua gallega. No imaginaba que el idioma del país permaneciese aún tan vivo. Le admira que la gente del agro, de la montaña y del mar —todo lo que usualmente llamamos *pueblo*— hable tan unánimemente en gallego.

Hace una jugosa alabanza de la cocina de la tierra, describe con comprensión y respeto las viejas creencias, teoriza sobre la existencia de un matriarcado, pinta expresivos cuadros de su andadura por el país. Gaziel, en fin, lleva al lector por varios y cruzados caminos, y ofrece la contemplación sucesiva, a múltiples luces: de la historia, de la naturaleza, del carácter, del arte...

Ha muerto el inteligente escritor de San Feliú de Guixols. Galicia ha perdido, con su desaparición, una figura amiga que supo interpretar en prosa catalana la verdadera voz de nuestra peculiaridad.

#### "Día das Letras Galegas"

El 17 de mayo se ha celebrado con gran brillantez el "Día das Letras Galegas", que este año se consagró a la exaltación de la figura y de la obra de Castelao. La Academia Gallega editó, en la fecha conmemorativa, el discurso de ingreso de éste en la Corporación, titulado "As cruces de pedra na Galiza". La Editorial Galaxia repartió profusamente por el país, ejemplares de "Un ollo de vidro". Todos los diarios gallegos dedicaron páginas especiales a la fiesta, y al genial artista.

En Pontevedra ofrecieron un recital, los poetas Celso Emilio Ferreiro, Arcadio López Casanova y Salvador García Bodaño. Los escritores José María Alvarez Blásquez, Alvaro Cunqueiro y Figueira Valverde, leyeron en el Liceo Casino una serie de textos de su producción literaria en lengua gallega. La Radio local dedicó una emisión extraordinaria en nuestro idioma a la conmemoración. En el Museo se ha celebrado una visita dirigida a la obra del gran dibujante rianxeiro, que allí se conserva.

En Santiago dijo una bella y emotiva conferencia sobre la personalidad de Castelao, con gran asistencia de público, Don Ramón Otero Pedrayo. Por la noche, en el Hostal tuvo lugar una cena literaria en la que se dio a conocer el fallo del premio de teatro gallego "Castelao".

En Padrón se conmemoró la fiesta con diversos actos. Entre ellos, la puesta en escena de "Os vellos non deben de namorarse" por la Agrupación "Cantigas e Agarimos", que obtuvo un enorme éxito.

En Ferrol se organizó un acto cultural, en el que el señor Figueirido Feal desarrolló el tema "Rosalía de Castro y Castelao, intérpretes del alma de Galicia". Se dieron a conocer trozos selectos de la obra de ambas personalidades, y el Coro "Toxos e Froles" interpretó diversas composiciones de sabor popular.

#### Ha muerto Fernández Flórez

En Madrid, donde residía, ha fallecido el conocido novelista gallego Wenceslao Fernández Flórez. Con la desaparición del popular escritor, desaparece también —después de la muerte de Julio Camba— el último representante del llamado humorismo gallego en lengua castellana.

Una gran parte de la creación narrativa de Fernández Flórez refleja, de un modo u otro, el latido de la tierra que le vio nacer. Es el caso de "Volvoreta", de "Ha entrado un ladrón", de "La casa de la lluvia", de "La procesión de los días", de "Luz de luna", y, sobre todo, de "El bosque animado".

En un artículo recordatorio de la figura que acaba de fallecer, cuenta Leandro Carré que cuando, en el año 1924, pensó en crear la colección "Lar" de novelas cortas en idioma gallego, Fernández Flórez fue el primero en felicitarlo por la iniciativa y en ofrecerle desinteresadamente una obrita escrita de modo expreso para tal fin. Con "A miña muller" del humorista coruñés se inauguró, en efecto, la colección "Lar". Posteriormente, su autor autorizó al propio Carré para que tradujese a nuestra lengua las obras suyas que desease publicar en gallego. Fue así como apareció, incluida en la mencionada colección, la narración "O ilustre Cardona".

Los restos mortales de Fernández Flórez fueron trasladados, por deseo del extinto, a su ciudad nativa, donde recibieron sepultura.

### El premio "Castelao" de teatro gallego

En la noche del 17 de mayo, en el Hostal de Santiago de Compostela, se celebró una cena literaria en la que se dio a conocer el fallo del "Premio Castelao", de teatro gallego, organizado por el grupo juvenil "O Galo". Asistieron a la cena cerca de doscientos comensales, entre los que figuraban personas llegadas de distintas localidades de Galicia.

Participaron en el concurso diez obras. Después de sucesivas votaciones, se adjudicó el galardón de 10.000 pesetas a la obra de Angel de la Peña, "Cando morren os faroles". Quedó finalista, "A outra banda do Iberr", de Xohana Torres. Obtuvieron menciones honoríficas, "Barriga verde" de Manuel María, y "A desbandada" de Bernardino Graña. El jurado estaba constituido por Ricardo Carballo Caleiro, Celestino Fernández de la Vega, Alvaro Cunqueiro Mora, Francisco Fernández del Riego, y Segundo Alvarado.

El público siguió vivamente interesado los sucesivos informes que, respecto a las votaciones, iba transmitiendo por el micrófono el escritor Emilio Alvarez Blásquez, y tributó al final una gran ovación al autor galardonado.

Después de darse a conocer el fallo, pronunció un bello discurso el profesor Vidán Torreira, miembro del grupo organizador, haciendo después uso de la palabra el señor Otero Pedrayo, quien exaltó la figura de Castelao. El importante acto finalizó de madrugada con el Himno gallego, que los asistentes entonaron puestos en pie.

### Reunión del Instituto P. Sarmiento

Bajo la presidencia del vicedirector señor Pedret Casado, se reunió el Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos. El colaborador señor Guerra Campos informó que había terminado la transcripción, con estudio y notas, del intinerario jacobeo de Gonfalonieri, de 1954. El señor Bouza Brey dio cuenta del hallazgo de la partida bautismal del gran orfebre y grabador compostelano Francisco Felipe Pecul y Crespo. A continuación, el señor Chamoso Lamas informó de los últimos descubrimientos realizados en el claustro de la catedral de Santiago. Después comunicó el resultado de sus visitas a pueblos y villas que, por su historia, su monumentalidad, su arte o su carácter, reúnen en Galicia las condiciones exigidas para figurar entre las seleccionadas para su declaración de "Conjuntos urbanos histórico-artísticos o pintorescos". Una vez recogida la correspondiente información descriptiva y gráfica de tales conjuntos, eligió los siguientes: Muros, Noya, Betanzos, Padrón, Pazos de Arenteiro, Castro de Valdeorras, Allariz, Bayona, Tuy, Cambados, Monforte y Mondoñedo.

### Información económica

—HA SIDO FIRMADA en La Coruña la escritura de constitución del "Banco de Desarrollo del Noroeste, S. A.". El Capital suscrito es de 200 millones de pesetas, habiéndose


*Viaje a* **ESPAÑA**

*POR*

**EXCURSIONES** **AEREOS**
**VIAJES** **MARITIMOS**
**CREDITOS** **TERRESTRES**

CASA PUENTE S.R.L.
AGENCIA DE NAVEGACION

**LA AGENCIA TRADICIONAL**
**DE LA COLECTIVIDAD ESPAÑOLA**
*Autorizada por la Dirección Nacional de Turismo*



**Agentes oficiales de todas las compañías**
**Pasajes marítimos y aéreos a crédito**
**Vendemos y alquilamos autos en Europa**
**DESCUENTOS ESPECIALES POR BAJA TEMPORADA**
*Reserve su comodidad con tiempo*



**Sarmiento 399**
Esquina Reconquista

**Tel. 31-2557**
BUENOS AIRES

## **Galicia** (Buenos Aires)

**N. 539 (setembro-outubro de 1964)**

# GALICIA

# CADA SESENTA DIAS

*Por:* Salvador Lorenzana

RONSEL

### El paisaje en Castelao

Una nueva relectura de las páginas más representativas de Castelao, nos muestra significativos aspectos en su manera de sentir y entender el paisaje propio. Castelao fue sustantivamente un artista. Con la sensibilidad del artista atiende, de manera ahincada, a la tierra que lo rodea y en la que se siente inmergido. Logra ordenar con la palabra la huella impresa en su espíritu por ese identificante contemplar. Entonces dibuja con trazos emotivos y esenciales la facies física de su país tal como él la ve: un suelo de arquitectura barroca, labrada en piedra granítica, siempre cubierto por un manto de jugoso verdor. En este suelo, los montes son redondos como pechos de mujer, y las sierras como lomos de buey cebado. El mar enloquece de furor cuando no lo dejan adentrarse en la tierra; Pero cuando entra, se queda adormecido en el lecho de las rías. Galicia es, plásticamente, una unidad territorial, armónica de formas y color.

En los textos literarios del artista surge, de cuando en vez, como fontana irrestañable, la realidad paisajística, la sensación de la naturaleza. Los componentes de su naturaleza son, por lo común, esencialmente pictóricos. Sin embargo, a veces, el valor plástico se mezcla con evasiones de tipo acústico. En otros momentos es la fina evocación saudosa, un asomarse despaciosamente por las rendijas de la memoria a lo motivos del paisaje nutricio. La satisfacción del anhelo despierta en la lejanía con un volver del espíritu a la realidad otrora abandonada:

"As verbas esquecidas do noso falar, o musgo, os couselos, os fieitos e todas as cousas que ía topando no camiño, enchían de ledicia o seu corazón. Cando chegóu ó curuto do monte, os ollos revíanlle felicidade".

Castelao dibuja los paisajes de su país, contemplándolos desde diversos ángulos. Pero las más de las veces alientan en ellos vidas humanas, con un sentido de compenetradora identificación con el medio. La historia y la vida, una personales visiones de la vida y de la historia gallegas, se interponen en muchos casos entre el ojo del artista genial y la superficie del paisaje.

Pero, en Castelao, transciende siempre un sentimiento casi panteísta del paisaje, un anhelo de mística fusión con la tierra. Dice, y lo repite reiteradamente, que a los gallegos no hay quien los aventaje en el amor al país natal. Este es, para algunos, la pequeña cuna donde nacieron: apenas un hermoso valle que tiene un río de plata, unas casas que humean, un campanario esbelto y un cementerio en el que duermen sus abuelos; allí abrieron los ojos y allí quieren morir. Para otros, la tierra es tan grande que sólo consiguen verla en el Mapa de Fontán; allí hay una inmensidad de valles, con aldeas, villas y ciudades; allí viven del trabajo, sufriendo injusticias, más de dos millones de labradores y marineros.

La querencia que Castelao siente por la tierra nativa, viene expresada múltiples veces a lo largo de su obra. Pero es quizá en el siguiente trozo donde dejó manifestado con mayor intensidad su místico amor al terrón gallego:

"Eu de min sei decirvos que si despóis de morto tivese que voar máis alá das estrellas visibles, pra ir a un ceo tan lonxano da Terra que nunca máis poidera véla, de boa gana renunciaría á inmortalidade pra rematar a miña vida debaixo dunha laxe e convertirme en herbas ventureiras".

### Paz-Andrade, académico de la gallega

En la última reunión de la Academia Gallega fue elegido miembro numerario de la corporación, el ilustre escritor y prestigioso abogado Valentín Paz-Andrade. La personalidad del nuevo académico —que pasa a ocupar el sillón que dejó vacante por fallecimiento el señor Vázquez Saco— no necesita ser destacada.

Desde muy joven, Paz-Andrade vivió en íntimo contacto con los intereses espirituales y materiales de nuestro país. Cuando contaba poco más de veinte años, dirigió en Vigo el diario "Galicia", en el que colaboraron las más destacadas plumas gallegas de aquel entonces. Desde sus columnas proyectó en el ámbito regional auras renovadoras, y una inquietud viva por los problemas de la Tierra, que marcaron un acento en la historia de nuestro periodismo. Creó Paz Andrade, en efecto un periodismo combativo, elucidador, en el que siempre latieron las esencias de nuestra autóctona realidad.

Pero su labor gallega incidió también en otros campos de la cultura Como escritor, como poeta, como conferenciante, vino acreditando a lo largo de muchos años de actividad intelectual, una clara identificación con los valores más sustantivos del alma gallega. Sin embargo, tal vez haya sido en el mundo socioeconómico en el que Paz-Andrade prestó más valiosos servicios a su país. Son numerosos los trabajos que, en este terreno, salieron de su pluma. De entre ellos, el que obtuvo mayor eco fue el libro "Galicia como tarea", pues el influjo de sus páginas ha logrado penetrar en la conciencia de un amplísimo núcleo de lectores.

La incorporación de Paz-Andrade a las tareas académicas se traducirá, indudablemente, en hechos positivos para el porvenir de la entidad.

### Exposición dedicada al P. Feijóo

Organizada por el Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos se celebró en Santiago la XVII Exposición anual, dedicada en esta ocasión a conmemorar el bicentenario de la muerte del P. Feijóo.

En doce vitrinas y tres amplias mesas se distribuyeron más de doscientos títulos, que comprenden las obras del ilustre monje y los trabajos de autores españoles y extranjeros referentes a ellas, publicados desde el siglo XVIII hasta el año actual.

También abundó en la exposición la iconografía feijo-

## **Galicia** (Buenos Aires)

**N. 540 (novembro-decembro de 1964**

# GALICIA

# CADA SESENTA DIAS

**Por SALVADOR LORENZANA**

### RONSEL — UNAMUNO Y NUESTRA TIERRA

En este centenario unamuniano, hemos repasado las páginas que el gran pensador consagr al país gallego. Los ojos agudos de Unamuno descubrieron en nuestro paisaje una naturaleza humanizada, y en nuestro pueblo los hábitos de una viejo cultura, que se manifiestan en el gusto por el "bien decir", en la afición oratoria, en la suavidad y tolerancia de trato, en la amplitud de criterio, en la repugnancia a lo violento...

El autor de "Por tierras de Portugal y de España" entiende que esta cultura secular produjo en la casta un estado de profundo cansancio, y que ello ha originado la pasiva acomodación al ambiente. De ahí la mansedumbre del pueblo gallego, la blandura, el sortear tropiezos; de ahí el recelo, la socarronería, el temple irónico y burlón.

La literatura gallega, producto del ambiente, posee —en opinión del ensayista vasco— dos notas singularizadas: lo burlesco y lo elegiaco. Hay en ella inteligencia, hay ingenio sutil, pero le falta acometividad mental. "Los gallegos, como los franceses, son demasiado poco salvajes".

Colmadas horas hubo de costarle a Unamuno captar las esencias que sirven de articulación a su interpretación de lo gallego. No podía bastarle su efímero contacto con el paisaje y con las gentes del país. Contempló de cerca, sí, el suave paisaje, húmedo, verde, deshuesado, y las mórbidas colinas que emergen en el panorama; convivió, en charlas de tránsito con algunas gentes que pudieron orientar su curiosidad. Pero la hondura de su visión tiene otra raíz: el estudio y la meditación. En las páginas en que recogió las impresiones de su andadura por Galicia, exalta la frondosa naturaleza humanizada; ilumina el viejo regazo que invita a soñar en las faldas de los montes, y cuyo húmedo aliento adormece como tibia caricia.

El escritor se siente acuciado por un ansia de justicia, por una preocupación de que las cosas sean concienzudas y equitativas. Este espíritu suyo le mueve a meditar sobre lo que la visión de Galicia le sugiere. Las ideas fundamentales de esa visión, pueden resumirse así:

Vejez y feminidad de la tierra; vejez y pasividad —por cansancio—, aunque con una evidente reserva de sentimiento capaz de un nuevo resurgir, pues donde hay ensueño hay vida; influjo del paisaje en la gente. En las características mentales descubre una gran susceptibilidad, tendencia a la queja, sarcasmo burlón. Todo ello, unido a viejos hábitos de cultura, presentes en la tolerancia, en la aversión por cualquier tipo de violencia. Y esa cultura apagada que perdura en tales hábitos, supone que corresponde al indudable fondo céltico de la casta gallega.

Para Unamuno, a esta extrema tierra occidental de Europa "le falta el largo huelgo épico, el recio ímpetu dramático". Mas, en la distancia ha de sentir la nostalgia de su suave lirismo, con los reflejos de una naturaleza idílica y soñolienta, tierna como una confidencia de mujer.

Don Miguel de Unamuno, en su Salamanca, de dorada piedra, cuya belleza aprehende en su perfil de torres, había de volver una vez más a la evocación de Galicia. Afirmaría, de nuevo, su amor a los campos austeros, a las llanuras castellanas en cuyo término se levanta la dureza ósea de sus roquedos. Pero sobre el paisaje escuálido se le despierta el melancólico recuerdo de la mórbida tierra gallega; de sus humanos regazos; de la dulce tolerancia en que se vio envuelto "durante el transcurso todo de su correría por Galicia".

### OBRAS DE CASTELAO EN EL MUSEO DE PONTEVEDRA

Se ha incorporado a los fondos del Museo pontevedrés una incomparable colección de dibujos, libros y obras de arte, del genial artista Alfonso Rodríguez Castelao. Hizo personalmente la entrega, su viuda doña Virginia Pereira, a la que acompañó desde Vigo el señor Paz Andrade.

En nombre del Museo recibieron la nueva adquisición el presidente de la Diputación don Enrique Lorenzo, el director señor Filgueira Valverde, el Patrono señor Novás Guillán, y el secretario señor García Alén. Actuaron como testigos los amigos del Museo, señores Iglesias Vilarelle, Gil Varela y Losada Fernández.

Doña Virginia Pereira hizo patentes sus motivos de gratitud al Patronato, del que Castelao fue miembro fundador, y señaló que interpretaba sus deseos al facilitar que permaneciese reunida en Pontevedra la obra que en esta ciudad se había producido. El señor Lorenzo manifestó el agradecimiento del Patronato y de Pontevedra a la señora viuda de Castelao y a quienes, como don José Fernández López y don Alvaro Gil, han hecho posible con su mecenazgo la adquisición e instalación de tan admirables obras de arte.

Con este motivo se cambiaron impresiones sobre la dedicación a Castelao de una sala del antiguo edificio del Museo.

### OTERO PEDRAYO, PREMIO P. FEIJOO

Con motivo del bicentenario de la muerte del P. Feijoo, se convocó en Orense un importante certamen literario para galardonar las tres mejores obras sobre el autor del "Teatro crítico". El Jurado encargado de emitir el fallo lo integraron los catedráticos de Universidad señores Sánchez Cantón, Montero Díaz y Sánchez Granjel.

Obtuvo el primer premio, dotado con 150.000 pesetas y edición del libro, don Ramón Otero Pedrayo, por el trabajo que lleva por título: "Vida del Padre Maestro Fray Benito Jerónimo Feijoo Montenegro. Ensayo sobre sus doctrinas y tendencias e influencia de su carácter y escritos". El segundo premio, de 75.000 pesetas, e adjudicó al estudio "Proyección y actualidad del Padre Feijóo", presentado por don José Antonio Pérez Rioja. Y el tercero, de 50.000 pesetas, se atribuyó a don José Prado Vázquez, por el trabajo titulado "El mundo clásico en la obra del P. Feijóo, o ideas sobre Roma y Grecia en un hombre del siglo XVIII". El Patronato, atendiendo a la recomendación del Jurado, acordó conceder un accesit de 15.000 pesetas a la monografía que, sobre el P. Maestro, presentó don Antonio Odriozola.

La entrega de galardones se celebró en un solemne acto, desarrollado en el Paraninfo del Instituto de Enseñanza Media orensano.

### NUEVO ACADEMICO DE LA GALLEGA

En sesión celebrada por la Academia Gallega fue elegido miembro numerario de la corporación, para cubrir la vacante producida por fallecimiento de don Vicente Risco, el conocido investigador don José Taboada Chivite.

## **Grial** (Vigo)

**N. 3 (xaneiro-marzo de 1964)**

A coñecida revista da Editorial Galaxia iniciou a súa andaina en 1963, nos difíciles anos da ditadura franquista. Hoxe é unha das publicacións máis relevantes e prestixiosas do mundo cultural galego.

## O PREMIO CASTELAO DE TEATRO GALEGO

Pódese considerar, xa dende iste intre, que a constitución do Premio Castelao do Teatro Galego é un dos feitos máis notables no quefacer cultural do noso país nos derradeiros anos. Por ista razón "Grial" quer, cando menos, adicarlle un espacio nistas páxinas que sirva de estímulo e tamén de comentario e meditación dediante do seu siñificado.

Diste xeito e facendo como unha pequena historia da xestación do Premio compre deixar escrito que a feliz e rexa aititude dos universitarios galegos respeito da inorancia reiterada do seu idioma como vehículo de cultura dou orixe a unha xa popular e ben dirixida "Campaña do Peso pro Teatro Galego" que, baixo a tutela e supervisión dunha destacada comisión académica, cundíu logo e conqueríu axiña a colaboración solidaria dun grande seitor de galeguidade, primeiro en Compostela e despóis en cidades como A Cruña, Pontevedra e o Ferrol. Recibíndose tamén —asegún se nos



informa— importantes aportaciós de Vigo, Lugo, Betanzos, Barcelona e Madrid. Na cidade de Compostela, o día 5 do Nadal, numerosos carteles anunciaban o senso da cuestación e pregaban axuda pra a constitución dun gran premio de teatro pra Galicia. Fatos de entusiastas universitarias percorreron os claustros recollendo en petos de barro os cuantiosos donativos. Na prensa e na radio ratificábase, unha e outra vez, a postura decidida dos estudantes e do pobo en xeneral por conquerir o éisito, e o éisito chegóu días despois de rematada aquela ó se comprobar que era xa unha realidade dotar un Premio de Teatro Galego con dez mil pesetas que levaría o nome de aquil galego íntegro que foi Alfonso Rodríguez Castelao, e que no ánimo de todos está conquerir a sua permanecia nos anos vindeiros, a tal fin que fique instaurado como un premio anual —o primeiro— da Literatura Galega.

Non é difícil, por outra banda e vista a xénesis do mesmo, decatarse ún do amprio siñificado que abrangue. Pois non soio ha ter como misión primordial o frorecimiento do noso teatro e o fomento do uso da nosa lingua nista aitividade artística, senón tamén que por sere froito da colaboración común afincará, como ningún outro o fixo até a data, as súas raigañas nas esencias máis puras do pobo, conquerindo así unha conxunción plena do Home i a Cultura.

O Premio Castelao de Teatro Galego, cuias bases reitoras circulan xa dentro e fora de Galicia, terá de ser fallado o "Día das Letras Galegas" en Compostela, supoñendo un verdadeiro acontecemento literario que sin dúbida traspasará as nosas fronteiras.

*G. B.*

## **Grial** (Vigo)

**N. 4 (abril-xuño de 1964)**

# HOMENAXE A CASTELAO

*Polo seu fondo siñificado, damos o texto do mensaxe pronunciado en galego polo Dr. Antonio Pérez Prado, Presidente da "Asociación Argentina de Hijos de Gallegos", o 7 de xaneiro de 1964, por Radio Splendid, de Buenos Aires.*

—Castelao abreu os seus ollos nenos en Galicia, na Ría de Arousa, un nome xeográfico que é un poema sinfónico. Foi neno emigrante e —como rapaz— sintéuse na Pampa centro e dono dun horizonte perfeito; sintiuse gaucho. Voltóu a Galicia pra se facer home e logo, por amor á simetría nista dialéitica atlántica, eisilóuse a Bós Aires pra conquerir nela a cordial sabencia da vellice.

En Galicia de neno; na Pampa de rapaz; en Galicia de home; en Bós Aires de vello.

Como vedes, *Sempre en Galiza.* Porque Galiza chega onde chegan os beizos dos emigrados.

Castelao foi moitas cousas (as Cousas de Castelao!...). Foi todo o que foi i é —agora— todo o que é. Non sabemos o que chegará a sere; abóndanos con soñalo.

Castelao, entre tantas cousas, foi —Castelao é— un emigrado. Un da eras de homes que en obedencia ó Fado, ou no debezo por crebalo (que non sabemos), botóuse cantando a facer do Atlante unha poza familiar ca que se conta pra mergullar as raigañas das arelas e inquedanzas ou pra afogar, na bruante ardentía, as anduriñas da morriña (A saudade non afoga; afogamos nós con ela).

O fío da vida de Castelao indo e vindo da Terra-Nai á terra de Alén-Mar foi un fío máis dos que teceron isa urdime de Galicia universal que dá as ordeadas e coordeadas do noso xeito e destiño; mañíficamente bifrontes, abraiados, esgazados...

Castelao é, tamén, un exempro do desleixo, da incuria da Terra Nai que teima por poñer a proba a súa fartura, esvaíndose i esmorecéndose sin acougo. Galicia é farta en homes e, seguindo un rito tráxico, espállaos pra que xermolen nalgures ou en ningures; pra que sexan semente ou sexan —simpremente— mortos.

Nós, fillos de emigrados; nós, emigrados conxénitos, galegos nados fora da Terra e máis alá do misterio, podemos escoller. Soupemos de Castelao morto; podemos reverencialo, podemos entronizalo, podemos —inxenuamente— caír no vello pecado de vellos que é a beatería, inxenuidade de baixada e tardía, anacrónica. Pero nós, retoños, gromos de emigrados; nós que chegamos á inevitábel esculca do noso ser logo do pasamento do mestre podemos —en troques— ter fe, ter fe viva en Castelao. A fe é cousa virxinal, pura potencialidade, inxenuidade de rubida.

Iste é o dilema pra nós. Castelao morto ou Castelao xermolante; beatería ou viva fe; chorosa lembranza a ritmo fixo ou cotián esforzo cara adiante; Castelao que foi ou Castelao que é, vivo entre nós e por nós; pedíndonos que o escoitemos de perto e non que o choremos de lonxe.

O abaneo e o arrolo do dilema teñen acadado —pra nós— a maturidade dunha firme obriga vertical. Nós preferímolo semente.

## **Grial** (Vigo)

**N. 6 (outubro-decembro de 1964)**

## ESCOLMA POSIBLE, de Castelao *

A aparición dunha escolla da súa obra de escritor, sitúa de novo no primeiro plano da nosa aitividade literaria, a figura de Castelao, que é, sin dúbida algunha, a persoalidade máis destacada e orixinal que ten producido a literatura galega no que vai de século.

En contraste coa súa precocidade no cultivo do deseño, o descobrimento da súa vocación literaria ten sido unha revelación serodia, cuia trascendencia pon hoxe de manifesto a fermosa serie de textos que amosa ista escolma da que falamos.

Estamos certamente dediante dun dos mellores escritores da nosa língua; frente dun artista cuio imponderábel dominio idiomático permítelle atopar decote a xusta correspondencia antre a idea e a espresión. Dono dun indiscutíble xenio de escritor, Castelao modela, baixo dunha forma belísima, o mesto contido espritual e humán que xurde do seu íntimo compenetrárese coa terra que o miróu nacer.

Máis Castelao non foi só un creador literario, ademáis de artista plástico. Fixo ensaio, xornalismo, oratoria, e traballóu tamén, valéndose dunha linguaxe instrumental, nos eidos da investigación. De todo iste seu labor —plástico, literario, de pescuda— trascende a cotío un identificárese, sentimental e moral, coas esencias máis cernes do pobo galego. No arte e no libro, no xornal e na tribuna, Castelao andivo sempre a esparexer a granada mese do seu constante matinar sobre Galicia.

Ben sabido é que a súa vida artística encétase como dibuxante. O Album *Nós*, constitúe de certo, a amosa máis reveladora da primeira etapa da súa aitividade creadora. Tempos despóis, xurde o escritor, equilibrándose co dibuxante. Aparez daquela ise xénero literario tan de seu, que reproducen os libros de *Cousas*. E xa, ó cabo, gravita en Castelao o labor do literato, reflexado en *Retrincos*, *Os dous de sempre*, *Os vellos non deben de namorarse*...

Nos seus deseños, como nos seus contos, móstrase condensado, ate un límite incalculábel, o xenio da intuición apaixoada e da emoción popular. Castelao abríu así un grande boqueixo no recinto da preguizosa vida galega, pechado polos balados dunha realidade chea de mágoas; un recinto por onde ían e viñan sempre os mesmos conceitos destinxidos, enxovallados; os mesmos farrapentos restovallos dunha Galicia esmorecida. Castelao —como antes Rosalía— tencionaba salvar as verdadeiras esencias da vida do pobo, e, basándose nisas esencias, encetar unha nova xeira nos xeitos de pensar e de decir galegos.

A obra de Castelao —agás a plástica— é a que agora aparez acollida no fermoso volume que imos reseñar. Un volume que ven ser un deleitoso abano de temas: crítica de arte, pescuda, ensaio, narración, teatro... Nada lle é esquivo de canto arredor do mundo popular galego formula os seus problemas; problemas que o escritor traduce, con aguzada interpretación, na súa prosa ricaz.

Nista *Escolma posible*, que ten realizado e prologado intelixentemente Marino Dónega, asoma o enteiro perfil da persoalidade de Castelao. Nas súas páxinas figuran estudos sobre do galeguismo no arte; o humorismo e a caricatura; o arte europeo do seu tempo; i ensaios e no-

---

* Seleición e prólogo de Marino Dónega. Editorial Galaxia, Vigo, 1964.

tas de vario contido, nos que se conxugan axilidade e fondura. Porque íste e tamén un dos engados de Castelao; xuntar na mesma persoa a axilidade do nómada e a profundidade do sedentario, a viva curiosidade do home á intemperie e a puntual visión dos problemas. Hai nil, esencialmente, un home de campo libre, pero tamén, en certo xeito, un home de biblioteca. Cada capítulo das súas *Cruces de pedra na Galiza*, por exemplo, é unha nidia demostración dista duplicidade.

Moitos anos de vida fértil, adicada de cheo ó seu país, recóllense nistas páxinas, riba das que, nalgunha ocasión, choveron incomprensiós, pero, sobre todo, moitas afervoadas olladas. Sería aventurado iniciar arestora un estudo de conxunto do libro, onde cada texto escolmado é como un punto de partida cara rexiós moi diversas da creación e do pensamento.

Dónega sinala a verdade comprida encol do autor, cando escribe: "Como verdadeiro artista, esixente consigo mesmo e responsabilizado co destinatario da súa obra —Galicia, da que foi unha pura emanación telúrica—, someteuna a un rigor implacable e coherente. Chegóu á máisima expresividade polo camiño das simplificaciós sucesivas ate acadar as puras esencias dos homes e das cousas, das dóres e das mágoas do seu país".

As páxinas do libro, escollidas polo propio Dónega, permiten mirar cómodamente como o pensamento de Castelao ten percorrido dende o comezo unha roita firme, rexamente trazexada. O pensamento xenerador de todas elas arrinca dunha consustanciación do artista co esprito e a terra nutricios. Castelao —como alguén dixo— defínese e persoalízase por un non sabemos qué, antre aldeán e íntimo, antre sinxelo e misterioso, que se resiste a calisquer parangón eferado e solvente.

Cando se lén os seus relatos, dexérgase ben, o entranábel fondo humán que neles alenta. Trátase do mesmo fondo que trascende dos seus deseños, en moitos dos que o artista tiña entreollado a posibilidade de que se trocasen en persoaxes de novela. De calquer xeito, uns tipos e outros —os dos deseños e máis os dos relatos— son tipos galegos de nidia autenticidade, arquetipos humáns arrincados da realidade e da vida.

Co fondísimo valor humán, mestúranse nas creaciós de Castelao, un humorismo delicado e piedoso, unha singular ternura, unha insobornábel emoción ética. Con istas dotes caraiterísticas, o artista percura a identificación co pensar e co sentir do pobo; pon ó descoberto as lacerías e os sofrimentos díste, no que se mira mergullado; emprega a pluma, igoal que o lápiz, pra reflexar a verdade dunhas formas de vivir, nas que se fundan as súas propias vivencias.

E cando Castelao fala do seu país e das súas xentes, faino nun estilo claro, sinxelo, natural. Un estilo que, nembargante, nada ten de improvisado. Pola contra, é produito dun traballo calmo, de correición, de punimento da espresión, ate acadar a forma máis limpa. Velahí porque a súa prosa, coidadosa, rítmica, fluente, ten chegado a ser unha prosa clásica na nosa literatura.

Ista *Escolma posible* ven lembrar ós seus vellos leitores, o que Castelao representa no mundo da cultura galega. Pero, sobre todo, ven amosar ás novas xeneraciós o alto valor da súa leición, que lles era case desconocida. Despois dos anos, a súa figura ficóu moito máis surraiada. Hoxe aparez xa ben crara e señorial pra tódolos galegos, agás quizaves pra algún miope clasificador...

SALVADOR LORENZANA

## **Heraldo de Vivero** (Viveiro)

**N. 1392 (16 de maio de 1964)**

Este periódico lucense fundado no ano 1912 é o máis antigo dos semanarios locais de Galicia. As súas páxinas inclúen noticias de carácter local e tamén de ámbito galego.

# DIA DE LAS LETRAS GALLEGAS

Como conmemoración del «Día d'as Letras Gallegas» iniciado el pasado año con el homenaje a Rosalía de Castro, la Real Academia Gallega conmemora este día con la celebración de distintos actos en Homenaje al insigne maestro de las letras gallegas Alfonso R. Castelao.

En Santiago de Compostela se fallará el «Premio Castelao» de Teatro Gallego en la noche de mañana domingo, en el Hostal de los Reyes Católicos en donde se dará a conocer el nombre del autor galardonado con este premio de nuestra Literatura.

Santiago vivirá una completa jornada gallega en este día, para lo que las Agrupaciones folklóricas «Cántigas e Agarimos» y Agrupación cultural «O Galo», organizadora de este Certamen, han extendido las correspondientes tarjetas de invitación cuyas reservas tenían que ser retiradas antes de las ocho de la tarde de hoy.

La prensa regional también dedicará mañana extensa colaboración dedicada al eximio gallego Castelao, que en esta segunda edición del «Día d'as Letras Gallegas» le correspondió tal homenaje.

## **La Noche** (Santiago de Compostela)

**16 de maio de 1964**

Publicado entre 1946 e 1967, o xornal santiagués caracterizouse por manter aceso o interese pola cultura e pola lingua galega nas condicións adversas que impuxo o réxime franquista, o que lle ocasionou algúns problemas coa censura.

# MAÑAN, DIA DAS LETRAS [...]

## LITURXIA SAGRA

### DIA DE PENTECOSTES

## A obra póstuma de Iglesia Alvariño

### «LEVA O SEU CANTARE»

Por COTOVIO



## Esquema pra explicar a Castelao

Por XESUS ALONSO MONTERO



OBRADOIRO

## Letras Galegas

X. FERNANDEZ FERREIRO

PANORAMA CULTURAL de GALICIA **LA NOCHE**

## Carta a un rapaz galego

Por D. GARCIA SABELL

### O Dia das Letras Galegas en Santiago

# ARTES Y LETRAS

## "Cando morren os faroles", de ANGEL DE LA PEÑA, premio "Castelao" de teatro gallego

### Quedó finalista «Do outro lado do Iberr», de XOHANA TORRES







## **A Nosa Terra** (A Coruña-Buenos Aires-Vigo)

**N. 507 (xuño de 1964)**

*A Nosa Terra foi a cabeceira máis significativa e lonxeva da prensa en galego. Fundouse na Coruña en 1907 e durante a ditadura publicouse no exilio bonaerense entre os anos 1938 e 1972, volvendo a editarse en Galicia a partir de 1977.*

# FERVOR PATRIOTICO NO DIA DAS LETRAS GALEGAS

Eistraordinaria siñificación acadou este ano na Terra a celebración do Día das Letras Galegas, que puxo de manifiesto un fondo sentido patriótico e na que a figura patricia de Castelao presideu co seu simbolismo esa grata mostra da nosa recuperación nacional.

Como protesta pol-a eisclusión do galego nun concurso literario orgaizado pol-o S.E.U., o que podian concurrir somentes obras en castelán e catalán, os estudiantes de Sant-Iago orgaizaron pól-a s-a conta un concurso literario para o idioma galego e abrieron unha suscripción popular con un aporte máisimo de cinco pesetas por cabeza, para asinar o "Premio Castelao", acadándose prestamente a cantidade de dez mil pesetas. Dito premio achou unha grande resoancia en toda Galiza e foron moitos os traballos presentados, merecendo a distinción do primeiro posto Anxel de la Peña, pola súa obra de teatro "Cando morren os faroles".

Pero ó calor desta mostra estudantil de lealtade os destiños da Terra Nai, moitas outras manifestacións puxeron de releu o fondo sentimento nacional de latexa na xuventude estudosa e nos inteleituais galegos. Así, en Pontevedra houbo distintos aitos nos que interviron os escritores Xosé María Alvarez Blázquez, Alvaro Cunqueiro e Carballo Calero; Arcadio López Casanova pronunciou unha siñificativa conferencia encol do tema "A mocedade galega diante de Castelao"; Radio Pontevedra fixo varias audicións en galego e ademáis inaugurouse unha eisposición bibliográfica de obra de Castelao, así como outra do pai Feixóo.

En Sant-Iago pronunciou unha conferencia o Dr. Ramón Otero Pedrayo sobor da figura de Castelao, i-en Padrón, onde se entregou a Faustino Rey Romero o "Padrón de Ouro", instituido para premiar as labouras destacadas nas letras e nas artes, púxose tamén en escea a obra de Castelao "Os velios non deben namorarse", pol-a agrupación coral "Cantigas e Agarimos", de Sant-Iago.

Pol-a súa banda, a Academia Galega organizou varios aitos na Coruña para eixaltar a figura patricia de Castelao como autor de "Sempre en Galiza", a gran obra política que ourenta a nosa laboura a prol da patria galega e da recuperación das nosas liberdades nacionaes.

## **Orientación Gallega** (Buenos Aires)

**N. 20 (xaneiro-febreiro de 1964)**

Creada en 1962, esta revista de ideoloxía republicana e galeguista foi o voceiro da Unión Federal Gallega Democrática. A pesar da admiración xeral pola figura de Castelao, a publicación é un testemuño das desavinzas políticas existentes entre a comunidade galega na Argentina.

# DE CASTELAO

París, 1º de Xaneiro de 1947.

Sr. Dn. Francisco Regueira:

Meu querido amigo e irmán:

¿Cómo vai o meu amigo da bronquitis que apañóu de tanto andar polos tellados a cata de mozas bonitas? ¿Cómo vai o meu compañeiro do cornetín que leva na gorxa, e que tan ben lle sirve para mandar a ser obedecido? ¿Cómo vai o meu irmán do enxeño que Deus lle dou para estampar c unha verba o retrato dos amigos i enemigos? Moito me levo acordado de vostede! Porque agora eu estóu moi vello? sabe?, e coa vellez os recordos axigántanse.

Abraira fálame de vostede e asegúrame que sigue en pé, teso e berrando, maxinando e facendo. Non se deixe vencer, ¿eh? Camarón que se duerme, la corriente lo lleva, e vostede non pode dormirse porque se non tómao a vellez, e sería grande lástima que Regueira deixase de ser o que é: un gran realizador.

Pois sí, meu querido Regueira, veleiquí me ten n-este vello e groríoso París. Xa levo visto os grandes Museos, que non me produxeron mais que saudades. Pero xa fun tres ou catro veces ao Museo Grevín (está perto d-esta casa), e alí vexo a moitos persoaxes do meu tempo, e noto a falla de moitos que ainda viven e debían estar alí tal como son.

Que neste ano o atope coa felicidade que necesita, e que vostede non buscóu. E n-este ano volvamos a vernos e que suceda na nosa Terra. Amén.

Unha forte aperta,

CASTELAO

## **Orientación Gallega** (Buenos Aires)

**N. 24 (xullo-agosto de 1964)**

# Centro Coruñés

## TUVIERON LUCIMIENTO LOS ACTOS PROGRAMADOS

Es de conocimiento de todos que la Coruña vibra en agosto al conjuro de esas fiestas maravillosas que se realizan para rememorar la gesta del rechazo de una invasión inglesa a las costas gallegas. Nada falta en la ciudad "donde nadie es forastero" en la sucesión interminable del programa que con tal fin preparan los coruñeses. Desde que los gaiteros del ayuntamiento, y los que no lo son, conjuntamente con las bandas musicales salen a recorrer los cantones y calles en alborada de júbilo, un rosario de festejos enloquecen a quienes por vez primera pisan la Coruña. El Club Náutico prepara las clásicas regatas de balandros y traineras. Los primeros, ágiles, esbeltos y veloces, cortan el agua de la ría dejando tras sí un ronsel argentado que se ve morir en ondas rumorosas en los peñascos de las orillas. Las traineras, pesadas, barrocas y macizas, requieren menos habilidad que los anteriores para desplazarse, pero hace falta más corazón y músculo para ello y es entonces de ver a los guapos marineros de la ría, y de otras provincias, en puja vibrante, luchar por conseguir los lauros de la victoria. Luego viene el frenesí, pues a los festivales líricos le siguen los folklóricos; a los torneos de natación y balompié siguen los de baloncesto y hockey; a la gymkaña automovilística siguen las carreras de motos, bicicletas y motonetas; a las sesudas conferencias del liceo o de la Academia Gallega se enfrentan los foliones de los Cantones o la Plaza de María Pita y para marcar la nota exótica y antigallega, donde el buey es amigo, y como tal se trata, viene el cartel taurino con los mejores diestros y las más renombradas ganaderías.

Coruña en esos días hierve de gente y de júbilo. Razón poderosa para que cuando un coruñés emigre, su retina retenga, con el fondo azulverdoso de su bahía, la añoranza de los días de agosto pasados y a los que quisiera volver como se vuelve a la vida de las cosas queridas.

"Coruña, tú eres Coruña, la ciudad incomparable"... reza la canción que en añoranza telúrica cantan sus hijos bajo todos los soles y bajo todos los idiomas. Y aquí, en Buenos Aires, año tras año, sus ecos nos han hecho conocer a la ciudad herculina en su honda gravitación que hace que ninguno de sus hijos se olvide jamás de ella "Ouh meiga cibdade da Oruña". Y este año también hubo jaleo coruñés.

## HOMENAJE A CASTELAO Y SOCIOS FALLECIDOS

El día 23 del actual, y como iniciación de la efemérides coruñesa, se realizó en el Panteón del Centro Gallego un sentido homenaje a Castelao, consistente en la colocación de una ofrenda floral en el nicho donde reposan sus restos. Igual homenaje se llevó a cabo frente a los correspondientes a D. Eduardo Alvarez y Jesús Román Suárez, ex presidente y vicepresidente, respectivamente, de la entidad, este último fallecido en ejercicio de su cargo. Posteriormente en la capilla del panteón fue colocada una hermosa corona de flores naturales con la inscripción: "O Centro Coruñés o a os seus mortos".

## XANTAR TIPICO A SOCIOS E INVITADOS ESPECIALES.

En horas del mediodía fue servido un xantar típico, bien codimentado y mejor regado, que congregó a más de 300 personas y un numeroso grupo de invitados especiales, contándose entre ellas representantes de innumerables entidades coruñesas y de los centros Orensano, Pontevedrés y Lucense; el señor Secretario del Consello de Galiza, D. Antón Alonso Ríos;

## **Orientación Gallega** (Buenos Aires)

**N. 26 (outubro-novembro de 1964)**

## **Orientación Gallega** (Buenos Aires)

**N. 27 (decembro de 1964)**

# Con Magníficos Actos Recordará el Centro Lucense a Castelao

Entre los actos programados por el Centro Lucense para celebrar el 22º aniversario de su fundación, se destacan los dedicados al gran líder del galleguismo, el ilustre Castelao, cuya lamentable desaparición de entre nosotros cúmplense 14 años el día 7 del próximo mes de enero.

Es de felicitarse y de felicitar al gran Centro, orgullo justificado de todos los gallegos, por esta magnífica y patriótica recordación que, estamos seguros, ha de alcanzar amplio apoyo en el seno de nuestra colectividad, en donde el inolvidable prócer era estimadísimo y admirado por todos.

El programa es el siguiente:

Día 4 de Enero: Inauguración de una exposición de libros y otros recuerdos de Castelao, en uno de los escaparates de la conocida Casa Iriarte, Entre Ríos y Belgrano, cedida gentilmente por los titulares de la firma.

Día 5: Apertura de una exposición de dibujos y otros trabajos artísticos de Castelao, en la sede del Centro Lucense, Belgrano 1841, a las 19 horas. (Sala de Exposiciones, en el primer piso).

Día 6: Ofrenda floral en el sepulcro que guarda sus restos en el panteón del Centro Gallego, en la Chacarita, a las 11 horas.

Día 8: Conferencia sobre Castelao por L. Pita Romero, en el salón de actos de dicho Centro, a las 20.30.

Día 9: Ofrenda floral, a las 11 horas, al Libertador General San Martín, en la plaza homónima.

Día 9: A las 21 horas: Clásico banquete de confraternidad en la sede de Olivos, Avenida Libertador Nº 2925.

Día 12: Cierre de la muestra pictórica de Castelao y clausura de actos a las 20 horas.



CASTELAO, alma de la galleguidad. — Al cumplirse el 7 de enero próximo 14 años de su muerte, la colectvidad gallega le rendirá un sentido homenaje organizado por el Centro Lucense

## **El Pueblo Gallego** (Vigo)

**N. 14239 (19 de maio de 1964)**

A historia deste xornal fundado no ano 1924 está marcada pola súa incautación en 1936 para convertelo nun medio controlado polas autoridades franquistas locais. Nos anos finais da súa traxectoria, rematada en 1979, foi incorporando noticias que demostraban o paseniño rexurdir da cultura galega durante a "longa noite de pedra" do franquismo.

# Clausura del Día de las Letras Gallegas

## Conferencia del académico Carballo Calero

Con una magnífica conferencia del académico señor Carballo Calero, ayer tarde se ha puesto final al programa de actos conmemorativos de la Fiesta de las Letras Gallegas.

Tuvo lugar el acto en la planta baja del Museo, en donde se halla instalada la magnífica biblioteca del P. Feijoo, inaugurada en la tarde del sábado último, y que está siendo muy visitada.

Hizo la presentación el profesor Filgueira Valverde, que destacó el significado de la Fiesta de las Letras Gallegas y elogió el discurso que el pasado año había pronunciado, en aquel mismo lugar, el profesor don Isidoro Millán González Pardo. Después de destacar la obra y la labor de Carballo Calero, el señor Filgueira Valverde terminó dedicando un recuerdo muy emotivo a la obra de Castelao y del P. Feijoo.

El académico señor Carballo Calero dió lectura después a un trabajo sobre el ilustre benedictino cuyo segundo centenario de su muerte se conmemora, siendo seguida su magnífica lección, con gran interés por parte de los asistentes y premiada al final con una gran ovación.

# SANTIAGO

## Angel de la Peña, obtuvo el Premio Castelao de Teatro Gallego



Angel de la Peña, ganador del Premio de Teatro Gallego «Castelao», felicitado en el Hostal al ser fallado el concurso.

Ha sido fallado el concurso de obras de teatro gallego «Premio Castelao», y el galardonado fue el joven escritor compostelano, locutor de Radio Galicia, Angel de la Peña, por su obra «Cando morren os faroles». El premio está dotado con 10.000 pesetas y la obra, según nos han manifestado será representada el «Día de Galicia», en Santiago.

El fallo se dió a conocer después de las reuniones que celebró el Jurado, en el transcurso de la cena del Hostal.

El segundo premio de este concurso fue adjudicado a Juana Torres, de El Ferrol del Caudillo.

Las obras presentadas fueron ocho, y la que obtuvo el segundo premio será editada por Golaxia.

Fueron concedidas menciones honoríficas a las obras «Barriga verde» y «A desbandada».

## Convocatoria del I Pleno del Consejo Económico Sindical del Noroeste de España

### *Participarán más de un millar de representantes de las provincias gallegas*

Por el Ministro Secretario General del Movimiento y Delegado Nacional de Sindicatos, ha sido firmada una orden por la que se convoca el primer pleno del Consejo Económico Sindical del Noroeste de España, una vez superada su fase previa de preparación y estudio de ponencias, que se ha desarrollado a lo largo de los últimos meses, a través de treinta comisiones de trabajo establecidas, integradas por técnicos y especialistas en las materias objeto de estudio.

Según nos han informado ayer, en la Secretaría General del citado Consejo, las sesiones del primer pleno aludido se celebrarán en las distintas provincias de la región, teniendo lugar el acto de clausura en Santiago de Compostela. Las sesiones plenarias se efectuarán dentro de la segunda quincena y primera de los próximos meses de junio y julio.

En las sesiones plenarias se discutirán, y en su caso se aprobarán, las correspondientes conclusiones de las distintas ponencias elaboradas por las comisiones de trabajo, que recogen con carácter exhaustivo la problemática social y económica de la región gallega.

## DEPORTES

### BRILLANTE EXHIBICION DE LA S. D. COMPOSTELA

Se jugó el domingo, en Santa Isabel, el partido de futbol entre la S. D. Compostela y el Orense.

Quizá el Orense creyó que su rival era fácil, y se empleó en plan de superioridad; pero se vió replicado por los santiagueses de tú a tú, siendo derrotado el visitante por 7 a 3.

El público presenció una maestra exhibición de la S. D. Compostela.

La afición apluadió con celer a los locales.

## El Día de las Letras Gallegas

Fue celebrada con brillantez en Compostela el Día de las Letras Gallegas.

El grupo «O Golo» cerró con éxito su programa. Esto es, el desarrollo del primer Concurso de obras de Teatro Gallego, Premio «Castelao».

En el Hostal se dieron cita muchos escritores de Galicia y fue esta propicia ocasión para enaltecer a la tierra con una reunión de cultivadores de las letras vernáculas.

Don Ramón Otero Pedrayo pronunció un [illegible] discurso, como todos los suyos.

La reunión, que comenzó a las 10 de la noche, se dió por terminada a las 2 de la madrugada.

**TELEFONOS DE EL PUEBLO GALLEGO**

| | |
|---|---|
| Dirección. . . . | 15 6 15 |
| Re[illegible] . | 1[illegible] 6 16 |
| Administración . | |
| Talleres . . . . | 15 6 14 |

## **La Voz de Galicia** (A Coruña)

**N. 26731 (16 de maio de 1964)**

O xornal coruñés creado en 1882 é unha referencia fundamental para coñecermos o transcorrer da vida cultural galega ao longo de máis dun século da súa historia.

# "Dia das letras galegas"

## CENA - FALLO DEL PREMIO CASTELAO

Conforme se ha venido anunciando y con motivo del fallo del «Premio Castelao» de Teatro Gallego, mañana, «Día de las Letras Gallegas», tendrá lugar una cena literaria en el Comedor Real del Hostal de los Reyes Católicos durante la que se dará a conocer el nombre del autor galardonado con este gran premio de nuestra literatura.

La reservas para asistir a la misma podrán hacerse dirigiéndose antes de las ocho de la tarde de hoy, a la Agrupación Folklórica «Cantigas e Agarimos», Algalia de Arriba, 11, teléfono 1257; o bien a la Agrupación Cultural «O Galo», organizadora de este certamen, teléfono 1886, de Santiago de Compostela.

No serán atendidas las reservas que se hagan con posterioridad a la hora de hoy ya indicada.

## **La Voz de Galicia** (A Coruña)

**N. 26732 (17 de maio de 1964)**

# El "Día de las Letras Gallegas"

# Otero Pedrayo glosó la personalidad de Castelao

## Esta noche se fallará el premio de teatro que lleva su nombre

Santiago, 16.—A las ocho de la tarde de ayer, en el Salón Artesonado de Fonseca, como uno de los actos organizados con motivo del «Día de las letras gallegas», pronunció su anunciada conferencia el doctor don Ramón Otero Pedrayo, que versó sobre «Presencia de Castelao».

Presidieron el decano de la Facultad de Derecho, señor Pedret Casado; deán de la catedral, señor Portela Pazos; y decano de la Facultad de Ciencias, don Luis Iglesias.

El doctor Pedret Casado pronunció unas palabras congratulándose de que fuera precisamente don Ramón Otero Pedrayo el que iniciase estas gratísimas jornadas.

Otero Pedrayo, que habló en gallego, plasmó el significado del «Día de las Letras Gallegas», precisamente día de la juventud gallega. Trazó una semblanza de Alfonso Rodríguez Castelao, lo mismo en su tierra de Rianjo que en su años mozos de estudiante de Medicina en Compostela, para detenerse en la profunda personalidad humana de este gran escritor y dibujante, gran observador de la vida gallega en todos sus aspectos, para analizar sus últimos días en América con el recuerdo siempre vivo de su Galicia.

Finaliza con un acertado paralelismo de las dos grandes figuras de Galicia: Rosalía y Castelao.

Grandes aplausos premiaron la acertada y documentada disertación del doctor Otero Pedrayo, que fue muy felicitado.

### MISA EN MEMORIA DE CASTELAO

Hoy, a las doce y media de la mañana, en la iglesia de la Universidad, oficiará una misa en memoria de Castelao, don Alfonso Gándara Feijóo. La homilía será dicha en gallego.

### A LA NOCHE SE DECIDIRA EL PREMIO

A las diez de la noche, en el Salón Real del Hostal de los Reyes Católicos se celebrará una cena de confraternidad. Al término de la misma se decidirá el «Premio Castelao», de teatro gallego.

**Real Academia Galega**
Rúa Tabernas, 11
15001 A Coruña
Tlf. 981 207 308
Fax 981 216 467

secretaria@realacademiagalega.org
www.academia.gal

REAL ACADEMIA GALEGA

